

ACADEMIA GALLEGA DE JURISPRUDENCIA Y LEGISLACION

# PROIECION DA ABOGACIA NA SOCIEDADE GALEGA

Discurso pronunciado el día 11 de mayo de 1977, en la  
solemne sesión de ingreso del Académico de Número

ILTMO. SEÑOR

DON SEBASTIAN MARTINEZ-RISCO Y MACIAS

y contestación del

EXCMO. SEÑOR

DON MANUEL IGLESIAS CORRAL



LA CORUÑA  
1977





DEPOSITO LEGAL: C. 812 - 1977

GRAFICAS VENUS.—ANGEL REBOLLO, 42-44 - LA CORUÑA

**ACADEMIA GALLEGA DE JURISPRUDENCIA Y LEGISLACION**

---

# **PROIECION DA ABOGACIA NA SOCIEDADE GALEGA**

**Discurso pronunciado el día 11 de mayo de 1977, en la  
solemne sesión de ingreso del Académico de Número**

**ILTMO. SEÑOR**

**DON SEBASTIAN MARTINEZ-RISCO Y MACIAS**

**y contestación del**

**EXCMO. SEÑOR**

**DON MANUEL IGLESIAS CORRAL**



**LA CORUÑA  
1977**



*Nuestra Señora la Muerte se ha interpuesto entre el acto solemne de pronunciarse este discurso y su publicación.*

*Don Sebastián Martínez-Risco y Macías ha partido definitivamente. No deja un vacío, porque los espacios de nuestro corazón y de nuestra admiración los llenará para siempre el recuerdo de su ínclita personalidad, a la que nos volvemos con profundo cariño y con emocionadas plegarias.*

*La Academia Gallega de Jurisprudencia y Legislación, a la que enriqueció con su saber y con su brillo, le guardará el tributo que le pertenece.*



I

DISCURSO  
DEL ILMO. SEÑOR  
DON SEBASTIAN MARTINEZ-RISCO E MACIAS



Iltmo. Señor Presidente da Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación:

Señores Académicos:

Permitídeme que niste sinalado lecer, pra min tan honroso coma solene, de traspóñer o limiar dista douta corporación, faga pública manifestación de agradecemento pola benévolas desinación de membro de número que me integróu nila, e declare, a lei de sinceiro, que ao autointerrogarme sobre dos motivos que haxan podido fundar tal acordo non alcontréi outros que unha sobresa valoración dos meus cativos méritos instigada pola vosa bondade e polo conceito en que haxades podido ter a miña decidida entrega, ao longo de medio século, á auscultación da vida do Dereito dende os cumes, igualmente axeitados, da sede xudicial e do estrado da abogacía. Calquera dises motivos, inanque non dabondo pra xustificar honra tan sobresainte, poíderon espricala aos meus ollos e moveron e moven meu ánimo deica ise sentimento de gratitud que quero inaugure as miñas palabras de hoxe.

Si esa mesma desinación non levase xa consigo, por ditado regramentario, o deber de pronunciar iste discurso, abondarían pra me decidir a elo as cordiáis e teimosas instancias que coise fin teño recibido de quenes, pra min discípulos na edade, son os meus mestres no saber, e aos que tiven e teño na más fonda das miñas estimacións.

Posto no trance de elexir tema para a miña dissertación, dirixín o pensamento deica a aitividade que ocupou un longo treito da miña vida profesional e á que adiquei os meus millores esforzos: a abogacía. Ela e a entranabre terra na que a exercín e que

me deu berce, decideume, sen atariñar, á eleición, incrínándome a conxugalos nunha relación suxeto-ouxeto a través do tema enunciado: **Proiección da abogacía na sociedade galega**. Trataréi, en rigor, de espoñer e de enxuiciar o papel que a abogacía, ou, si se quer, a crase dos abogados, desempeñou en Galicia dende tempo remoto até o presente. E propónome facelo en ampla panorámica, coa más estricta ouxetividade, aspirando a que non se formule chata de interés direito no asunto contra quen, como eu, máis que en guisa de protagonista dos feitos enxuiciados, autúa en razón do seu alonxamento do labor profesional de onde dimanan, como testigo imparcial que os contempra, en asosegado descanso, dende o final do longo camiño percorrido.

Coa vosa venia, veñamos, pois, ao asunto:

## 1. CONCEITO E FUNCIONS DA ABOGACIA.

Concebida en xeral a abogacía, na súa escueta consideración semántica, como exercicio da aitividade profesional do abogado, a pescuda das súas concretas funcións hase de encamiñar, como é lóxico, á determinación do ouxeto e do alcance disa mesma aitividade. A definición legal da institución, imprícita no artigo 10 da lei de Procedimento civil española, enúnciase en sentido finalista no artigo 3.<sup>º</sup> do Estatuto da Abogacía: «Se extiende —di o preceito— a la protección de todos los intereses capaces (sic) de una defensa jurídica». A forma, a maneira e o grado de aptitude do exercicio disa defensa carائterizan a función do abogado, a quen o labor de tutela xurídica dos intereses suscetibles de recibila ven atribuido. A súa misión non se limita á prestación dunha aitividade de defensa no estrusto senso de patrocinio no litixio ou na causa sobrevidos, é decir, a profesar na dirección técnico-xurídica das partes interviñentes nun proceso pra dar aos seus actos a debida eficacia e suprir a súa inesperencia, senón que abrangue tamén ao desempeño das funcións de asesoramento, ditame, consello e arbitramento basadas no dominio da cencia do dereito e ausiliadas polo coneckemento das humanidades; complexo de funcións que o carائterizan como xurisconsulto e que operan moitas

vezes como anticipado remedio da contenda xudicial. E daquela cando o abogado asume a dobre condición de causídico (**causidicus**) e proteitor (**patronus**), e cando a abogacía (**causidicina**) pode ser chamada con propiedade «o arte e o oficio do abogado». Em pregando, pra resumir, a fórmula definitoria dada con expresiva brevedade por un esgrevio xurisconsulto español, cabe decir que o abogado exerce «el esclarecido ministerio del asesoramiento y de la defensa».

## 2. A ABOGACIA COMO FUNCION SOCIAL.

No conceito do abogado, enunciado ao comenzo diste estudo, é, sobor de todo, no sentido finalista que encerra, subxace a verdadeira sinificación da abogacía. E, más aínda, da abogacía como función social. A ista última sinificanza non e allea a fórmula legal definitoria empregada no artigo do Estatuto da Abogacía ao empezo citado. Non o é, porque a interpretación lóxica do seu precepto permite concluir que si os intereses da sociedade son «capaces dunha defensa xurídica», á protección dises intereses pode e debe estenderse a misión do abogado. Si coupese sobor dela algunha dúbida, abondaría na certitú distas ouservacións a leitura diste pasaxe do Xoán Francisco de Castro na obra **Discursos críticos sobre las leyes y sus intérpretes**:

«La profesión de Jurisprudencia —di— es por todas sus partes tan loable que no precisa de grandes alabanzas para convencer que es de las más importantes ocupaciones que hay en la República... Por eso sus profesores —quere decir propiamente os «profesos» no seu ejercicio— fueron siempre los más justos acreedores del aprecio público, como de quienes depende su conservación».

Decorrendo a segunda metá do século XIX, un douto xurista que exercéu durante catro anos o decanato do Ilustre Colexio de Abogados da Cruña, don Benito María Plá y Cancela, decía ao respeito:

«La organización especial que tiene esta profesión; su gran importancia en la sociedad; la nobleza de su ministerio y el espíritu de clase que une a sus individuos y de que dieron muestra en señaladas ocasiones, son dignas de particular meditación».

E teimando na mesma ideia, e aínda concretándoa nun aspeito más particular verbo da nosa tesis, engadía, non soio que tais funcións convirten á abogacía, nun ministerio público auxiliar da ademinsturación de xusticia, senón que:

«...esta profesión tan independiente, tan digna y tan laboriosa, tiene aún otro punto de vista desde el cual aparece mayor su importancia en la sociedad. Los letrados —concluye— fueron en todos tiempos el principal sustentáculo del elemento civil de las naciones».

Perfíllase nisás opiniós, xa crásicas, por ansí decir, o caráiter de crase ou corpo social que de modo direito asume a abogacía como profesión exercida por unha coleitividade con trascendencia comunitaria. Cabe, de certo, rexistrar na función do abogado un compoñente social sobranceante.

### 3. PROIECION DA ABOGACIA NA SOCIEDADE GALEGA.

E ise punto da proiección da abogacía na sociedade galega o que nos propoñemos crarexar agora, posto que nil estriba o tema da nosa disertación; deixando limitada a consideración das súas relacións, de orde máis restricto, cos tribunáis e cos litigantes ao apuntado denantes, aspeitos que, doutra parte, non é dable aillar por enteiro daquil outro aspeito social. O asunto, nise preciso matiz, ten sido atendido con notoria cativeza deica o presente, podendo decirse que non foi abordado detidamente, cando menos a través de estudos globais ou de conxunto.

¿Foi en Galicia a abogacía «de las más importantes ocupaciones que hay en la república»? ¿Son os seus profesionáis «los más justos acreedores del aprecio público»? ¿«Fueron en todos tiempos el principal sustentáculo del elemento civil» de Galicia? Pra xusgar sobor distas tres custiós —en puridade unha soa, por canto lles infunde unicidá a común incógnita da trascendencia social da abogacía—, pra crarexalas, compre atender tanto ao conceito que tén merecido e merece como ás súas obras, a súa autuación na esfera da vida pública de Galicia.

Nise esencial aspeito de avaliación comunitaria da abogacía, as fontes máis axeitadas de clarificación han ser a literatura culta como medio de diagnóstico social, e a literatura oral como vehículo do xuicio popular.

#### 4. AVALIACION CONCEITUAL DA ABOGACIA NA LITERATURA ERUDITA.

A literatura galega escrita detívose adoito na contemplación da figura do abogado, insertándoa en distintos ambientes da vida social e xusgánda de varias maneiras.

A condesa de Pardo Bazán, a xusgar por algunha das súas narracións, parecía non mirar con bos ollos aos señores togados de «la ciudad», o vello barrio rente da nova Cruña.

Curros Enríquez, Otero Pedrayo e Valle-Inclán, en sendas producións, compoñen un tríptico da figura do abogado de releves épico, dramático e histriónico, respectivamente.

Curros esculpe nun cicelado soneto, asaz conocido, a imaxe de Luciano Puga e Blanco, o seu defensor diante da Audiencia da Cruña na soada causa —sobor da que volveremos— contra filiada por delito literario no Xusgado de Ourense: «Pasmada a xente — viute rubir colérico á tribuna... — E da lei apoiado na columna — esmagar baixo a garra prepotente — aos verdugos do vate sin fortuna».

Otero Pedrayo retrata, con plasticidade dina dunha gravura de Rembrandt, na súa novela **La vocación de Adrián Silva**, ao vello abogado don Bernardo, ennobrecido pola ancianidade e dinificado pola clustral adicación ao traballo, no fondo do seu despacho da vella casa ourensá:

«Era un señor de mínima estatura, delgado, el rostro prolíjo de arrugas, las manos finas y activas enrumbecidas y tostadas en el extremo de los dedos por el abuso de las ásperas tagarninas, el bigotillo de «moco» triste y agrisado... trabaja en ingratos pleitos hasta muy tarde en la noche, teniendo hermosas viñas, las mejores del contorno de la ciudad, cuya sola renta le permitiría llevar la vida holgazana de los señores del casino... carácter conciliador, proclive al acuerdo entre los contrarios y el amor al justo medio...».

De maxistral pintura outeiriá diste ancián letrado, xurden a abnegada entrega ao sacerdocio da profesión, o señorío moral e o espírito de sacrificio.

Valle-Inclán incruie na galeiría de **Viva mi dueño** a esperpética figura de don Epifanio de Castro Belona:

«...buen señor, con un enfisema doctoral y sabihondo que llenaba su conversación con pausas: Como era abogado con muy buenos pleitos, los envidiosos le habían sacado el alias de Don Juris: También tenía admiradores, y la clientela de burgueses se fanatizaba contemplándole revestido de toga, muceta y birrete, colgado de un clavo entre dos estanterías con tejuelos de lujosas pastas, sobre el barómetro del regalo. Se apoyaba en una columna y tenía bajo el brazo los textos del Derecho».

Ao abogado e máis ben á curia adica Lamas Carvajal —testigo especialmente valedío do sentimento e da opinión do paisán sobor da materia pola profundidade e constancia con que ascultou a vida campesiña—, no seu **Catecismo do Labrego**, contadas alusións que non trascenden do caso singular.

Agora ben; ¿por qué nistes cadros literarios **en grupo** da curia non se sobrancia ou singulariza a figura do abogado? Iste temperado releve iconográfico que a literatura escrita lle concede, adianta xa, por si soio, un xuicio de valor tácito ou indireito respecto da súa misión profesional; mais pode que alcontremos resposta más precisa e convincente no conceito que ao propio labrego lle merece según o pensamento expresado no refraneiro, fonte direita e auténtica do xuicio popular.

## 5. O XUICIO POPULAR SOBOR DO ABOGADO EN GALICIA. A FIGURA DO «PICAPREITOS».

Certamente, a literatura popular ofrece unha opinión encolo abogado cecáis máis auténtica e dende logo máis sentenciosa a través da paremiología, pois o cancionero é moi parco en aludido e ainda así faino en ton máis festivo que xuicioso. Caletrando no refraneiro é doado alcontrar exemplos que, xunto de algúns xuicios despeitivos (**O cuco está cos abogados; uns non poden vivir sin outros. O que vai ao abogado, poucas veces volve des-**

**consolado. Abogado novo, xusticia polas silveiras**) encerran, contrariamente, conceitos de louvanza más ou menos espríctos, ben porque se lle toma coma termo de comparanza no discurso ou no inxenio (**Discurre máis un famento que cen abogados. Máis inventa un probe que cen abogados. Cando barbas falan, todos calan**), xa porque se reconoce imprícticamente a súa necesidade (**En preito craro non é mester abogado**) ou xa porque se coida de outer o seu consello ofrecéndolle a verdade dos feitos (**Ao teu abogado nono traías enganado. Ao médico, ao confesor e ao abogado, falarlle craro**). E non falla o espoñente da dúbida nalgún refrán (**O bo abogado non é bo veciño**) que tén o seu contrario (**O bo abogado non é mal veciño**). ¿No cabería interpretar iste último como expresión da tranquilidade que, en orde á defensa dos seus intereses, inspira ao paisán a vecindade do abogado?

No pensamento do pobo galego a abogacía non concita, pois, en conxunto, moi espríctas reprobacións. E sen dúbida é porque o consabido mal do minifundio e a proximidade da convivencia, producen no campo galego, entre outras moitas consecuencias, un atal estreitamento das relacións prediáis de vecindade, que, orixinando adoito diferencias e retesías, fai que o paisán teña que recurrir, por necesidade —e non por gusto, como polo xeral se cré— ao consello e á dirección do letrado, cuios servizos chegan a serlle familiares e aprecia pola súa utilidade. O que teme o campesiño galego e considera verdadeiro malfado é o mal dos preitos, as crisis xudiciáis ás que soen chegar aquelas acedas situacións. Doado seríamos traguer a capídúo unha abondosa antoloxía disa laceirante cisma, raiana no temor, que no ánimo do labrego suscitan os preitos. Abonde, emporeso, como máis axustado ao noso tema, ouservar que é entón cando xurde na escea un persoaxe da picaresca xudicial, que fai do engano profesión e merodea coa medianeiro polos campos litixiosos: o **picapreitos**, figura dianete da que importa deterse unha migra pra esvaer a sombra da confusión que poidera proietar sobor do talante moral do abogado.

O **picapreitos** da aldea galega, pícaro ausiliador e oficioso medianeiro nas malas artes da xusticia procesal, non é o suxeto preitista, que preitea por sí e pra sí mesmo —que excepcionalmente hainos—; nin é o **abogado das silveiras**, é decir, o abogado argallán e rotineiro —especie rara que, como en todas as profesións, nace nista das fraquezas humás—. Non. Ningún dises conceitos cadra ao **picapreitos** da ruralía galega. A íste defíneo millor a última aceición que ise vocábulo tén de **mentirán, aduaneiro**.

Non garda, pois, ise xenuino exemplar da tropa picaresca do noso país, relación algunha coa nobre misión do abogado na sociedade galega; inanque poidera tela en apariencia con algunha outra institución de abufetado influxo nila e á que máis adiante referirémonos.

## 6. A ABOGACIA GALEGA XUSGADA POLAS SUAS OBRAS.

Mais é nas obras onde mora e millor e más xusto elemento de xuicio encol da abogacía galega. Pra caletrar coa necesaria concisión niste aspeito, débese disterar a laboura individual do abogado da súa autuación coleitiva ou de crase que, como ha se ver, ordénanse á común finalidade do ben da Galicia. E, partindo de calquera de ambos supostos, referir unha e outra de xeito principal, pola súa manifesta prevalencia demográfica, á sociedade campesiña, ao que Castelao chamou «o nobre ruralismo de Galicia».

### A) A autuación profesional estricta.

No terreo profesional estricto, o labor dos letrados galegos consistiu en gran parte, deixa fai ben pouco tempo —e seguirá consistindo namentres non haxa sido compretado polo lexislador nacional o cadre do Dereito consuetudinario de Galicia— en remediar o indubidable desaxuste entre as costumes regoadoras das institucións xurídicas tradicionais do país e a lexislación común, coidando de ahormar aquíllas a ístas coa natural dificultade e hastra violencia; labor que constitui un dato positivo do seu quefacer téinico no aspeito social.

### B) O cacique.

Empreso, paradóxicamente, esa laboura de defensa da costumaxe institucional, exercida polo abogado e, dada a súa xeneralidade, pola abogacía galega, é un dos motivos que poideron

haber dado lugar a que ísta sexa xusgada coninxusticia cando, en realidás, trátase dun elemento de avaliación crítica favorabre, como deixamos apuntado, da súa misión no terreo social. O esgrevio escritor, dibuxante, humanista e político Alfonso Rodríguez Castelao, atinado sempre na auscultación dos males da rexión galega e, más concretamente, no diagnóstico e tratamento do caciquismo —íl, que abandonou a profesión médica pra adicar a súa vida a sandar o corpo social de Galicia—, Castelao, decimos, partindo do reconocemento do supradito desaxuste lexislativo, saca dil unha concrusión que pesie á súa aparente ambigüedad entendemos serve pra crarexar decisivamente o caso, cando escrebe: «Como endexamáis se lexisló para Galicia, é natural que os preceitos e disposicións legais perturben o sosego dos nosos aldeáns, probes e solventes, porque saben que a Lei é decote un arma para castrar a cidadanía dos labregos. Entón os aldeáns buscan o amparo dos homes capaces de aseguraren o incumprimento da Lei. E a estos homes chamámoslle «caciques». Pois ben; a frase «homes capaces de asegurar o incumprimento da Lei», non cremos se refira nin poda se referir á abogacía galega.

O mesmo Castelao ofrécenos un testimonio, dibuxado de man mestra, negativo disa suposta identificación de abogado e cacique, no dibuxo, refrexo dunha avivecida realidade, ao que asoma a **vera efixie** do orondo persoaxe que, apoiado no seu bastón, levando a outra mán á boca, medita, ou, millor, matina parado na estrada, non lonxe da aldeia que se enxerga ao fondo. E a estampa leva iste pé: «O home que traballa de médico e sabe moito de abogado». Esa sí, pode ser a imaxe típica dun «cacique» —figura de comprexos matices—, vista nunha das súas varias posturas, cometidos ou —digámolo gráficamente— **encarnacións**: a intrusión no campo de aitividades do Dereito: consulta, consello, xestión recomendatoria, pra non perder ocasión de exercitar o seu señorío sober do coitado aldeán. Esa pode ser, tamén, a imaxe do «picapreitos», ao que nos temos referido, porque nos preitos **pica**, cando non é íl mesmo o que os desata, pra non acougar no seu oficio de asoballador dos labregos.

Outras especies dise mesmo xénero de avesos manciñeiro do Dereito bulen por ises mundos ruráis, e ainda urbáns, de Galicia, mercaderes do templo de Themis que coidamos tan innecesario coma prolixo descreber eiquí, merecedores do ditado de «estrapexantes», usado por Lamas pra calificar a isa singular especie de parásitos da sociedade galega. Toda isa fauna de intermedia-

rios legos e encerellantes, asemade do dano particular que conleva a súa punibel autuación, teñen contribuido, sen dúbida, a contrafacer, por trabucamento indebido, a imaxe nobre do abogado e a misión da abogacía como crase profesional inserta no contexto social de Galicia.

## 7. INCIDENCIA DA ABOGACIA GALEGA NA VIDA SOCIAL DO PAÍS.

### A) Exemplos de autuación individual en casos e causas de trascendencia xeral.

Prescindindo dos abogados galegos que ao longo dos séculos deron brilo ao nome da súa patria e acretárona exercendo funcións e desempeñando cárregos relevantes fora dila. e concretándonos á laboura de algúns dos que exerceron as súas aitividades profesionais na mesma rexión ou influiron no seu dereito autóctono, deteñámonos en ofrecer, en referencia meramente enunciativa, como eisixe a ocasión, determinadas autuacións que, ao noso xuicio, acadan sinificación exemplar pola súa trascendencia na vida social de Galicia:

- a) A loita contra dos abusos señoríais en materia de foros e a formación dunha concencia social encol da custión agraria, na obra de Francisco de Caldas Pereira, endereitada ao estudo da problemática da enfiteusis en relación co foro.
- b) A escesividade das rendas, combatida como vezo social usurario polo abogado límico Gaspar Rodríguez, no seu fundamental *Tractatus de annuis et menstruis redditibus*.
- c) A recopilación do Dereito procesal galego por Bernardo Herbella de Puga, na autorizada obra *Derecho práctico y estilos de la Real Audiencia de Galicia*.
- d) A formación do arquivo da Real Audiencia de Galicia e o seu primer arquiveiro, o Abogado Alvarez de Neira, que iniciou o esencial labor de fixación documental da realidade xurídica institucional do país galego.

e) O abogado cruñés Antonio Payán defende diante das Cortes de Cádiz a institución procesal do «auto galego», «remedio posesorio, sumario y extraordinario —decía textualmente—, comprensivo de todos los interdictos y en cuya virtud, cualquiera que es perturbado por otro, de propia autoridad, en la posesión de alguna cosa espiritual o profana, sea lego o eclesiástico o militar el perturbador, acude al Tribunal de la Audiencia y es mantenido por éste, sin perjuicio de que las partes sigan ante el mismo el juicio plenario posesorio y el de propiedad ante los Jueces de fuero competente».

f) Eduardo Failde, abogado betanceiro, propón ás mesmas Cortes de Cádiz a abolición das «soldadas», costume consistente na obriga que tiñan as mais viudas de pagar «soldadas» aos fillos e fillas que despóis de morto o pai seguían vivindo na súa compañía.

g) Benito María Plá e Cancela combate as prestacións señoríais e defende a liberalización da propiedade, ao comentar as leis de abolición de señoríos, seguindo virtualmente a mesma liña dialética que case tres séculos antes habían iniciado, como temos visto, Caldas Pereira e Gaspar Rodríguez contra dos gravámenes redituáis dos predios, no opúsculo titulado **Examen de las leyes de abolición de señoríos. Su espíritu. Su historia. Su exégesis**.

h) O ilustre xurista ourensán Xoán Manuel Paz Novoa, partindo da xenuina sustantividade do dereito civil galego, do seu «carácter propio», e defrontando con tanto calor como acerto —que o tempo encargouse de evidenciar— a discriminación de dúas institucións, o **foro** e a **compañía familiar galega**, combatiu abertamente á primeira no libro **Los foros de Galicia**, e defendeu e louvou á segunda no Congreso Xurídico español celebrado en Madrid o 27 de noviembre do 1886. E da man, non menos experta, do seu colega Luciano Puga e Blanco, ao que ao comezo nos temos referido, defendeu ao poeta Curros Enríquez na causa que se lle seguío por suposto delito relativo ao libro exercido dos cultos nas composicións poéticas «Mirando ao chau», «A igresa fría» e «Peregrinos a Roma»; defensa que, como demostran os seus respetivos informes, abrangueu tamén á sociedade galega nos valores esenciáis do seu idioma, da libertade de pensamento e da loita contra ainxusticia, todos iles presentes e esaltados nas composicións do poeta perseguido.

**B) Exemplos de autuación coleitiva da abogacía na promoción, defensa ou crítica das institucións xurídicas especiais de Galicia.**

---

Defrontemos agora o segundo termo da distinción que de suso fixemos como pauta axeitada pra xusgar o laborío da abogacía galega, esto é, a súa autuación coleitiva, ordeada, o mesmo que a súa autuación individual até eiquí eisaminada, á común finalidade da benfeitoría de Galicia. E deteñámonos pra elo a considerar, con obrigada brevedade, as obras que estimamos máis sinificativas das varias que sinalan o camiño da súa tarefa corporativa. Contamos entre elas a loita pola abolición dos gravames foráis, pra librar dos seus danosos efeitos á economía campesiña; e os estudos e traballos encamiñados a acadar o reconecemento e posta en vixencia do dereito xenuino de Galicia.

**a) A loita pola abolición das cárregas foráis.**

A uniforme corrente de criterios redencionistas ou abolicionistas de gravames e prestacións foráis, mantidos polos abogados galegos nas autuacións individuais que deixamos rexistradas e que abranguen unha duranza de tres séculos, sumouse a abogacía, é decir, o gremio de abogados, en múltiples aicións coleitivas.

**Medidas adoutadas pola Xunta do Reino de Galicia contra o mal dos foros.**

---

A Xunta do Reino de Galicia, creada nos primeiros anos do século XVI, adoutou diversas medidas encamiñadas a combater os males que manifestamente viña producindo o sistema foral.

Naturalmente que estas autuacións da Xunta do Reino estaban inspirados polos eminentes abogados e xuristas que nela e por illa traballaban, coma por exemplo, Francisco Salgado de Somoza. Mais según afirma Fernández-Villamil, «...desde entonces ya el asunto estaba puesto en manos de curiales y jurisconsultos gallegos, que por su mayor conocimiento del caso podrían, a juicio de la Junta, influir en su propia resolución».

Alegato suscrito por seis abogados galegos instando o cese dos despoxos de foratorios e a renovación dos foros.

E ansí foi, en efecto. Un novo alegato de data de imprentación incerta mais reimprentado no 1760 (dez anos despóis da publicación do de Salgado de Somoza) co título de **Memorial**, ocúpase do grave problema da renovación dos **foros** (conceito englobado no romanístico de **enfiteusis**). A súa redacción foi, ao parecer, encammandada polo Marqués de Mos, don Gabriel Quirós Sotomaior y Sarmiento, Diputado do Reino, ao xesuita Juan de Araújo, «abogado de lustre y acierto en estrados de la Corte», ao que Murguía considera autor do folleto, «el más elocuente —di— de cuantos se han escrito sobre el asunto». O certo é, coma observa Fernández-Villamil sen negar que o P. Araújo houbera podido intervir na confección, fundándose na leitura direita do alegato, que iste vai firmado «por un corpo enteiro de abogados», de cuios nomes dado iste mesmo feito de aparecer vencellados nunha aición corporativa, debemos deixar eiquí constancia. Os abogados firmantes son os seis seguintes: Alfonso Castellanos, Diego Cardeña, Manuel de Santa Cruz, Manuel de Balcárcel, Juan Manuel del Corral e Francisco Crespo.

Autuación corporativa do Colexio de Abogados da Cruña no problema xurídico-social da renovación dos foros e no posterior da súa redención.

O Colexio de Abogados da Real Audiencia de Galicia pode se oufaniar lexítimamente de ter realizado a xestión corporativa cecáis máis eficiente, como denanterior ao Real Despacho dispositivo da suspensión das demandas de despoxo, a prol da xusta medida de renovación dos **foros**, que aquil Despacho Rexio impri-caba. Manexando as nobres armas do amor ao país, especialmente ao homilde estamento de campesiñado, e do saber xurídico, combatéu a hidra da pretendida temporalidade de aquila institución no informe que, defendendo tesis históricas irrefutables, emitíu con data 28 de febreiro do 1762 a pedimento do Presidente do Supremo Consello, suscrito pola Xunta de goberno en preno, encabezada polo primeiro decano dende a súa fundación don Diego Antonio Cornide e Saavedra.

En canto ao fondo do asunto, sostén o Colexio que a renovación debe se considerar «como beneficio que corresponde a la causa pública, de donde se infiere que como utilidad de esta cuállida debe ser comunicable a toda sociedad, comprensible de nobles y plebeyos, siendo lo contrario opuesto al derecho natural, fuente de todos los otros»; e sinalando, ademáis, «como una de las causas principales que inducen a la renovación el atajar los innumerables pleitos que se originan de los despojos».

Iste ditame, no que, como se advirte no derradeiro pasaxe transcrto, apúntase e sobrancéiase espresamente o carís social do problema da renovación dos foros, tivo valioso e eficaz influxo, como antídoto do mal da temporalidade de institución, nas retesías suscitadas e nas medidas xurídicas adoutadas na súa época sobor do asunto, como imos ver.

Un dises efeitos, que deixamos insinuado, foi, presuntivamente, o despacho, ao ano seguinte ao da súa data, da Real Provisión de 11 de maio do 1763, dirixida á Real Audiencia de Galicia e que, resolvendo en xusticia tan grave continxencia social, ordeóu a suspensión das demandas esbulladoiras contra dos foreiros, que desde anos atrás viñan producindose. Non pode caber dúbida, logo de estudar o problema a través da súa abondosa documentación, de que, xunto ás razoadas instancias formuladas pola Xunta do Reino de Galicia, ao **Memorial** de Salgado de Somoza, ao **Alegato** do Marqués de Mos, do que nos temos eiquí ocupado, e aos traballos individuais dos abogados crásicos, que tamén deixamos historiados, o ditame do Colexio de Abogados da Cruña de 28 de febreiro do 1762, estimulou decisivamente o libramento daquil Real Despacho.

Mais o decorrer do tempo en tal situación de estabilidade fixo que aos intereses do campesiñado, e, polo mesmo, á vida económica do país, se ofrecese a perpetuidade como a outra cara da temporalidade e, coma ísta, igualmente feridora de aquiles intereses. A considerábel cuantía que, por amoreanza secular, chegou a asumir o pago das prestacións foráis, que na maioria dos casos representaba un valor varias veces superior ao da terra cedida ao foratario, e a natureza irredimíbel do foro, debida, cabalmente, ao seu carácter perpétuo, produxeron unha aguda situación socio-económica. A perpetuidade das cárregas foráis seguía constituindo á propiedade territorial nun estado de grave debalo. O problema orixinado pola cesión onerosa dunha gran manchea de terras, a subsistencia dun verdadeiro vasallaxe patrimonial no país, continua-

ban vencellados á subsistencia de tales cárregas. E dise problema teimou en se ocupar a abogacía galega a través de diversas actuacións.

Unha dilas consistiu nun **Informe sobre foros** elevado ao Ministerio de Gracia e Justicia polo Colexio de Abogados da Cruña, datado o 2 de decembre do 1874, de contexto pouco feliz polos seus mesmos conceitos e por ter revelado o decorrer do tempo e erro dos seus fundamentos e das súas concrusións.

Deliberacións do Congreso Agrícola de Santiago de 1864 encol da custión foral.

No Congreso Agrícola reunido en Compostela por acordo da «Sociedade Económica de Amigos dos País» durante os días 24 ao 28 de xullo do 1864 pra poñer a debate o tema de si conviña «cambiar el sistema general de constitución de la propiedad rural gallega», soaron elocuentes voces do foro galego. As deliberacións versaron encol das ideas espostas sobor de tan importante custión no decorrer dos debates, que poden resumirse nistas tres: procedencia de conservar o **statu quo**; de modificar o sistema foral, ou de suprimilo ausoluta e definitivamente. A prol da terceira disas ideias —supresión ausoluta do sistema foral— produxéronse, manténda con tentudos argumentos, doutísimos letrados, entre iles Montero Ríos (purguemos eiquí de pullas e chocas aneidóticas a ísta figura pròcere do Dereito), Pelayo Cuesta, Rodríguez Seoane e Paz Novoa.

Corolario lexislativo.

O desenlace do longo proceso histórico da custión foral en Galicia tivo, ao fin, dúas conocidas manifestacións legais consecutivas:

1.<sup>a</sup> O trunfo da tesis redencionista no Real Decreto-Lei de 25 de xunio do 1926.

2.<sup>a</sup> O trunfo virtual da tesis abolicionista na Compilación do Dereito civil especial de Galicia, promulgada o 2 de decembro de 1963.

Non sería xusto negar á abogacía galega, despóis de canto temos historiado encol do problema foral, o protagonismo exercido, con algunha excepción irrelevante, como intérprete dos lexítimos intereses e reivindicacións da sociedade galega no saneamento dise mal endémico na organización da propiedade territorial, que atentou durante tantos anos contra a normalidade da súa economía agrícola e do seu benestar.

**b) Traballos realizados corporativamente pola abogacía en benfeitoría da sociedade galega, pra outer o reconocemento da sustantividá e a posta en vixencia do seu Dereito xenuino.**

Unha das manifestacións más importantes e coherentes do servizo prestado pola abogacía ao país galego no orde profesional coleitivo, é a reivindicación e defensa do Dereito peculiar de Galicia, postulando corporativamente o seu reconocemento e codificación. Trátase de traballos e autuacións tan reiterados como antigos cuia detida esposición levaríanos demasiado lonxe.

Autuacións na xeira constituinte.

Malia o celo e interés postos deica entón nos seus traballos polos letrados das respectivas comisións autuantes en Galicia, a xeira constituinte do Dereito galego alongouse, en inaición do poder central —endexamais millor chamado— durante varios anos. Dista situación de desconocemento dun estado de cousas que viña sometendo a toda unha rexión ao desaxuste entre as normas de convivencia civil que ela se tiña dado consuetudinariamente a sí mesma, e a lei nacional; dise estado de verdadeiro tollemento normativo, ou, pior aínda, de indiferencia perante o sentir xurídico de todo un país, fixose eco pensador tan consciente dos problemas de Galicia como Castelao. «En 1915 —ouservou con desalento— presentamos o noso Apéndice ao Código civil, e o projeto quedou soterrado nos arquivos do Departamento de Xusticia, sen que lo grásemos que Galiza fora recoñecida como país de Direito Foral». E a renglón seguido fai notar atinadamente como efecto negativo

de tal estancamente que «ese documento quedou anticoado aos vinte anos da súa presentación».

Non desmaiou, emporeso, a abogacía galega na súa teima reivindicativa do Dereito civil particular de Galicia, máis concretamente, no seu degoro de acadar a súa integración institucional, e proseguíu con teimosía nisa dirección os seus traballos, entre os cuáis é de citar a súa intervención no Congreso Nacional de Dereito Civil, de Zaragoza.

Celebrouse o dito Congreso nos primeiros días de outubro do 1946, pra tratar, con criterio unitario logo sustituido polo autual de promulgación de sendas compilacións dos Dereitos rexionais, da formación dun Código xeral de Dereito civil que recollese as institucións tradicionais esistentes nas rexións foráis.

Todos os traballos e esforzos coleitivos da abogacía galega até eiquí historiados —o peso, pode decirse, de toda unha tradición proselitista— deron, sen dúbida, como froito o nomeamento pola Comisión Xeral de Codificación, o ano 1961, de outra especial do seu seo encarregada de redactar un anteproyecto de compilación do Dereito foral galego. Coista medida, cuyas particularidades en canto ao proceso de formación e aos elementos componentes de tal comisión non imos comentar agora, poden considerarse cumiadas as actuacións correspondentes á xeira que temos denominado **constituinte** do Dereito civil de Galicia.

#### Actuacións da abogacía na xeira estatutante do Dereito galego.

Ao fin, o anteproyecto formulado pola aludida comisión, foi sancionado como lei o 2 de decembre do 1963 co nome de **Compilación del Derecho civil especial de Galicia**. Pola súa forza vital ineluctábel o noso Dereito rexional, como elemento básico de ordeación da sociedade galega predicado polos profesionais encargados de contribuir á súa realización, tiña abranguido, ao cabo, reconocemento legal e outido «vixencia», condición ista que, unida á de «arraigo», se lle reconoce na exposición de motivos da propia lei compiladora. Ofrece ista algunas particularidades sinificativas nas que convén reparar. Unha delas que, abandoando a nominación, e, más ainda, o criterio uniformista e subordinador que denotaría a verba «apéndice» referida a un corpo principal de leis civís comúns, adouta o tíduo de «compilación», que atribuie, ou, si se quer,

reforza o sentido autonómico do **corpus** de normas xurídicas rexionáis. Outra, que reconociendo imprímitamente a largacía tipicidade institucional do Dereito civil galego, e admitindo que no seu contexto non incruie todas as súas figuras consuetudinarias, como así é, dispón no seu final, imperativamente, o remedio de acudir a Memorias decenais que compretadas, no seu caso, con «el oportunuo proyecto de reforma», permitan encher «las omisiones o deficiencias observadas», disposición que entrana unha tendencia á integración do noso Dereito rexional por vía revisoria.

Pois ben; enfiemos ista derradeira disposición integradora, na aición colectiva máis recente da abogacía a prol da sociedade galega. Está marcada por un simposio de indubidábel trascendencia na vida xurídica da rexión, quenila tén deixado, de fixo, fonda pugada, e que é de desexar alcontro nas esferas estatáis de decisión o eco, deica agora non conquerido, que merescen e, más aínda, eisixen, as súas importantes concrusións. Refírome ao Primeiro Congreso de Dereito Galego que, convocado por ista Academia e polos Colexios de Abogados da rexión, e presidido polo ilustre decano do da Cruña don Manuel Iglesias Corral, celebróuse nista cibdá durante os días 23 ao 28 de outubro do 1972.

A laboura diste importante Congreso, esposta no documentado libro editado baixo a dirección do douto maxistrado don Ramón Carballal Pernas coa dilixente axuda de don Marcial Rico García e de don Xosé Eulogio Cagiao López, e que constitue unha verdadeira crónica xeral da súa celebración, acudiu virtualmente e con preciso conxeito, como un dos seus principais ouxetivos, a favorecer a primeira revisión decenal da Compilación, previda na disposición adicioal que vimos de citar. Os temas programados para as súas cinco seicións, nilas debatidos e refrexados nas concrusións, atinguen, como doadamente se comproba polo eisame do seu contexto, ao cumprimento da dobre finalidade revisoria, esto é, suprir as omisiones da Compilación e correxir as súas deficiencias. Para a realización de ambos e doulos fins, formula naquélhas o Congreso importantes e ao noso xuicio atinadas propostas.

Mais o interés dise Congreso medra e a súa incidencia nos benfeitos da sociedade galega arquece si se pensa que, ademáis de atender aquí principal ouxetivo revisorio, estendéu a súa actuación ao desinio de avivecer o Dereito galego, actualizándoo para tratar de convertilo en estormento de desenrollo económico-social, como se comproba nas súas propostas de modificación da vixente lexislación de cooperativas de producción, para o millor desenvol-

vemento do campo galego, orientándoo nun sentido de esprotación comunitaria ou «de grupo» (**Sec. II, II, C**). E nisa mesma liña de pensamento autualizador de trascendencia social, inanque sobrando agora o campo do estricto dereito civil, deben sinalarse as concrusións que conteñen as seguintes peticións aos poderes públicos:

Concesión de unha maior autonomía pra todas as Corporacións e Institucións da nosa Rexión (**Sec. V, 8.º**).

Incorporación do idioma galego, un dos elementos máis xenuinos e caraiterizadores da persoalidade de Galicia, á práitica forense, propoñendo o seu uso, nos termos que especifica a correspondente concrusión (**5.º da Sec. V**), nas fases espositiva e probatoria de toda cras de procesos seguidos ante os Tribunáis da Rexión.

«Que se costitúa na Universidade de Santiago de Compostela unha cátedra obrigatoria de Dereito Civil Especial de Galicia que leve o nome de «Pérez Porto» e que seña oficialmente dotada» (**1.º da Sec. V**). Ista petición promove a adopción dunha medida urxente coa que deberá ter remate a situación, máis ben a vedraña anormalidade, de que na Universidade de Galicia, na fonte alumeante dos saberes, teña cegado a xuventude galega o cano de coneceimento do Dereito propio do seu país, materia viva do presente e alicerce da vida xurídica rexional do porvir.

A obra realizada pola abogacía galega niste Congreso, derradeiro aito historiábel da súa xestión corporativa, non pode nin debe ser correspondida coa indiferencia do poder central, deica agora revelada polo silenzo que garda en canto á sanción das súas concrusións, decorridos xa catro anos dende a súa celebración. Isa obra non merece, en verdade, ser acalada, facéndoa vítima da tradicioal aitude de arrecantar as arelas rexionais. Non debe selo sen atentar contra o sentir xurídico de todo un país, sen incorrir en grave pecado de lesa galeguidade. Moi de desexar é, pois, que os traballos dise trascendental simposio, e máis concretamente as súas concrusións, non corran a mesma sorte que con respecto ao proieto Pérez Porto de Apéndice foral galego de 1915 denunciou fai tres décadas o noso esgrevio Castelao decindo, como máis atrás recordamos, que «quedó soterrado nos arquivos do Departamento de Xusticia». Nise Centro ministerial durmen tamén deica hoxe, «soterradas», as iniciativas revisorias da lei compiladora do Dereito civil especial de Galicia, formuladas, a requerimento disa mesma lei, polo memorábel cónclave da abogacía galega.

## Xuicio avaliador da autuación da abogacía na sociedade galega.

---

Coidamos que cos materiais informativos até eiquí achegados e coa ouxetiva ponderación á que os deixamos sometidos, alcontrámonos xa en condicións —polo que fai á latitú da nosa exposición, sobexas— de efectuar, como remate do noso estudo, unha defrontación avaliadora da autuación da abogacía respecto da sociedade galega como destinataria da súa misión profesional *lato sensus*.

Eisaminando en primeiro termo o lado que poidéramos chamar pasivo, cecás cabería reprochar á abogacía galega o haberen concentrado con certa escrusividade os seus esforzos no estudo e posta en vixencia ou abrogación, según os casos, das institucións consuetudinarias propias do Dereito civil de Galicia, arredando a súa aición corporativa de outros problemas, tamén vidáis, latexantes na esfera do Dereito administrativo rexional, que demandaban atención urxente e autuación decidida, como, por exemplo, a concesión de persoalidade xurídica á parroquia, a consideración da comarca como elemento necesario dunha atinada división territorial, e a reestruturación do municipio rural con base en ditas unidades demográficas; problemas que chegaron aos nosos días sen abranguer a solución que veñen eisixindo de maneira apremiante. Nistas materias, que en rigor costitúen ineludíbel base xeoestructural do porvir autonómico da rexión galega —tampouco abordado corporativamente, que seipamos, pola nosa abogacía—, as instancias coleitivas de ísta, si se exceitúa a instancia demasiado tardía e inconcreta que asoma nunha das concrusións formuladas polo Primeiro Congreso de Dereito Galego, que denantes citamos, na que se peticiona «unha maior autonomía pra todas as Corporacións e Institucións da nosa Rexión» (**Sec. V, 8.º**), delxaron paso aos estudos e autuacións dialéíticas realizados individualmente a partir da segunda metá do século pasado por doutos letrados galegos cuios nomes seríamos doado traguer eiquí si non o impedisce o receio de incorrir en esquezos sempre lamentabres. Ista prevención non tollerá, emporeso, que deixemos eiquí consinados, como merescido homenaxe á súa memoria os nomes de dous ilustres letrados, paladíns da orgaización autonómica da sociedade galega: Alfredo Brañas Menéndez e Manuel Banet Fontenla.

Ben é certo que como espricación e como racional escusa australoria disa cativeza operativa, poden sinalarse varios presuntos motivos: Dunha banda que a grave endemia constituida por foros

e gravames reáis, estendida durante varios séculos por todo o país galego, ocupase, como parece ocurríu, a atención de xuristas e abogados empeñados na súa curación. De outra, que os traballos da abogacía galega no limitado ámeto institucional civil, constituían xa de por sí unha defensa da autonomía rexional naquil preciso aspeito xurídico, posto que tenderon, co bon éxito que o tempo ten revelado, a manter a vixencia ou a propunar a abrogación de esenciáis costumes xurídico-privadas propias de Galicia; noutras palabras, viñeron a normalizar ou infundir vida e arraigo legal a un determinado ordeamento xurídico autonómico. Pode abondar tamén na espricación diste hipotético reproche a consideración de que en perspectiva máis lonxana aínda que iste limitado «rexionalismo xurídico», ao que atendéu, alcontrábase para a abogacía galega, respecto da súa misión profesional, o tema concreto da autonomía rexional, que entranaba, máis que unha cuestión de orde sociolóxico estricto, un problema de bioloxía política, necesariamente influído nos comezos da idade contemporánea polo modelo francés de uniformismo administrativo nacional; xa que a súa solución tendía, como tende hoxe, á orgaización de Galicia, ou, máis propriamente, da sociedade galega, en entidade púbrica capaz de se autogobernar, no concerto das rexións hispánicas, assumindo poderes de decisión en materias atinxentes aos fautores ou elementos integrantes da súa xenuina persoalidade coleitiva, para outer a más perfeita satisfaición das necesidades requeridas pola súa vida presente e propiciar o seu eficaz desenrollo xeo-económico e cultural no porvir.

Predominan, de todas sortes, na misión esencial exercida históricamente pola abogacía galega, as autoxións de sino positivo, entre as cuáis cabe sobrancear as seguintes:

Teimar ao longo de cinco séculos, seguindo unha sostida liña de aición tanto doutrinal como pragmática, agás de casos individuais que confirman a regra, na defensa da economía privada campesiña contra a presión —e moitas veces a opresión— de vellos gravámenes redituáis da propiedade inmóvel, conquerindo paliar e ao fin deter os seus malfadados efectos.

Defender tradizionalmente a través dunha aición profesional coincidente perante Xusgados e Tribunáis a vixencia das costumes do país galego nos ordes civil e procesal, sorteando os atranços que á súa apricación na esfera xudicial opuñan as disposicións da lei común.

Promover e presidir o tránsito dunha situación de clandesti-

nidade xurídica institucional, latexante en Galicia, a un estado de reconecemento legal e de artellamento do seu Dereito civil especial nun corpo normativo compilador.

Dispoñerse a coidar que se integren na vixente Compilación do Dereito civil especial de Galicia aquelas costumes e institucións xurídicas de esistencia real non acollidas níla, e que se corrixe os defeitos nos que a mesma Compilación incorre ao regoar algunas outras.

Propoñerse avivecer o cadro das institucións consuetudinarias do Dereito civil galego mediante a adaptación das que o exixan ás necesidades xurdidas naturalmente no proceso evolutivo da sociedade galega deixa economías comunitarias de sino empresarial, respetando os principios que tradizionalmente informan o noso Dereito autóctono, e ainda inspirándose niles.

Tal é o xuicio avaliador ao que temos chegado como meta do noso estudo encol da proiección da abogacía na sociedade galega. O camiño foi longo e nada descansado, sobor de todo para os meus caros ouvientes, a quenes agradezo a súa bondosa atención. E remato crendo ter cumplido a promesa que fixen ao comezo dista disertación, de conducirme ao longo dila coa máis estricta ouxentividade, como testigo que pra arredar de sí a chata de interés no asunto pode aducir a circunstancia de haber conocido, e tamén, en parte, vivido, os feitos espertos e enxuciados, por razón da súa mesma condición profesional, posposta hoxe, como tamén aduxen entón, a un asosegado pousío.

Dixen.

**II**

CONTESTACION  
DEL EXCMO. SEÑOR  
DON MANUEL IGLESIAS CORRAL



Señores Académicos:

Miñas donas e meus señores:

Meus compañeiros de esta Corporación agasállanme coa honra de dar resposta ó Discurso do Ilmo. Sr. Don Sebastián Martínez-Risco e Macías niste acto do seu recibemento en calidade de novo membro da nosa Academia. Este acontecemento fai xermolar no fondo da miña alma un grande pracer, porque me da ocasión pra poderinxertar, con un xeito moi persoal, a esta solemnidade, aqueles arreigados sentimentos de admiración e de amistade que lle profeso.

Acabamos de escoitar un notabre Discurso.

Non quixera cair na irregularidade, nin siquer dar no intento de pretender descobrir unha persoalidade senlleira que ven gozando en Galicia de unha imaxe mesmamente súa, intelectual e pública, non pouco gabada polo pobo, que sabe ollar nos rebrilos do ixenio do novo Académico aqueles froitos literarios e científicos que certamente constituen un feixe de raiolantes latexos do seu pensamento e da súa laboura.

Fíxose crásica a idea de que estos Discursos de resposta non deben de alongarse máis invadindo un ámeto que na sua dimensión total é parcela privativa do novo Académico. A cortesía pon, de seu, uns lindeiros para oficiar con brevidade, porque sen brevidade non hai cortesía. E non podería habela si unha nova disertación se interpuxere no aroma, tan notable oxe, que nos deixou seu importante Discurso.

O Direito e as Letras son os eidos da obra humanística do Sr. Martínez-Risco e Macías. Está reservado ás almas «privilexiadas», á posesión dos rexistros do espírito, as virtudes que puñen

huella profunda na convención de actividades po las que se ennoblesce a especie humán.

Literato, ministro da Xusticia. Abogado. E ainda hai que engadir a estos brillantes tíduos que ven amosando a liña dos valores da más outa xerarquía, a misión sobranceira de guieiro da Real Academia Galega, xoia preciosa, templo no que se ergue o culto vivo, o primeiro dos nosos ideáis, que nace e vive connosco, cifra dos más afervoados latexos do noso corazón: Galicia.

Faise, neste intre, de obriga lembrar a aboencia intelectual á que pertenece este ilustre fillo ourensán. Seu irmán Manuel insinou na súa cátedra da Universidade de Madrid, que anos máis tarde alongou os seus relampos de sabidencia á cátedra da Sorbona. Seu tío Don Marcelo Macías tivo ben ganada fama de polígrafo, de brillante orador sagrado e de promotor da cultura galega. Seu curmán Vicente Risco deixou feita unha semementeira de galeguidade.

Non vou determe agora na referencia bio-bibliográfica porque o roteiro é longo, i está cheo de densidade. Soio faréi lembranza, polas suxerencias que en nós desperta, do: Padroado do Museu Emilia Pardo Bazán, o Centro Galego de Gijón, o Instituto Xosé Cornide, o Instituto P. Feixón, de Estudos Ourensáns, esta Academia nosa, o Centro Orensano, a Asociación Gallega de Buenos Aires, a Sociedade da Lngua Portuguesa de Lisboa, a Sociedade Portuguesa de Antropoloxía e Etnoloxía de Oporto..., son nomes, antre outros, que xa non se contan, das Institucións ás que pertenece e nas que ostenta Presidencias, ou tíduos.

«Encol do sentimento da xusticia na literatura popular galega», «Louvanza e denosto da Abogacía», «Nuestra propiedad territorial a través de las instituciones forales», «Las lagunas de nuestra Compilación», «Las Instituciones jurídicas y la vida económica de Galicia», «Las ideas jurídicas del P. Feijóo», «El jurisconsulto gallego, don Juan Manuel Paz Nóvoa», «As Institucións que acobearon formas de vida comunitaria», «O dereito e a dialéctica da emigración na obra de Castelao». «La comunidad patrimonial en la Regla de San Benito»... veleiquí unha pequena escolma dos seus estudos xurídicos, algunas das suas monografías relacionadas coa literatura xurídica, e quixerá neste intre, siñificar con releves abultados aquela laboura lucida na Presidencia da Sección Primeira do Primeiro Congreso de Dereito Galego, aquil Congreso que, sen dúbida, constitúeu o acontecemento máis impresionante da Historia Xurídica Galega.

«La Tanza negra», «Ejemplo y agonía del Juez Oria», «O xenio lírico de Ramón Cabanillas e a Terra cambadesa», «NOS» de Cabanillas e Castelao, «Concepción Arenal o la épica del sentimiento», «Raíz gallega de Valle Inclán», «Santiago, cuna del milagro», «Presencia da lingua galega», «Trébol poético. Recuerdo de Compostela» as súas «Nadaliñas», «O boneco» premiado nos Xogos Frorales de Compostela no ano 1945, sin esquecer os versos de «Canteiros» e os sentimentos que agroman no «O apestado», coido que, na amplitude desta ollada, queda descoberto un horizonte no que, ben ás craras, deixa ben outo o seu botín científico-literario.

Os que sacrifican as musas, na furia e na poesía, aquelas almas que sinten tremecer o reigaño das entrañas co alento diviño que, de cote, pon fermosura e remove os afeitos más deliciosos e fondales, aquellas almas que, ao fin, sinten nas súas veas o ardimento do sangue más cerne e doncel, son almas que levan no sagrario do corazón a aristocracia de amor, e na intelixencia a fidalguía do pensamento, que, todo eso xunto, é seiva viva que fai frolecer os meirandes sentimentos nos eidos do espírito, onde a mesma literatura se traxea de fermosura, e a cencia recobra xorne de serventía a súa obxetividade.

Por outra banda, aquellas almas que sacrifican no altar do Dereito, cencia que na súa expresión máis longa é a manifestación vivente das relacións que xurden necesariamente da mesma natureza dos seres humáns: a percura antre o «dédalo» das leises antigas e de hoxendía dos principios xeneradores de toda lexislación —o pensamento eiquí non pode levantar mellor bandeira nin ter vento máis garimoso prá tremolar na tribunía— e, ben sabido está, que os homes que ben fortecen as súas vidas, nesas árdegas preocupacións do lexista, nesa forxa onde o Sr. Martínez-Risco soupo conferirlle fino tempre as súas armas, alí mesmo onde ten seus alicerces a escada dos valoríos más sobranceiros.

Ministro da Xusticia. O Xuez, é o centro da vida social, porque a traveso dil se definen e quedan resoltos os principios e os probremas do Dereito nas súas derradeiras facianas.

A escritura chamaba «deuses» ós xueces, porque iles xuzgando aos homes teñen obriga de facer na terra o oficio da Divinidade.

A Xusticia é a alma da sociedade.

Así como o corpo disólvese cando a ialma se retira, a sociedade perece cando dela a Xusticia se retira. Por eso, o derradeiro paso no camiño da degradación que os homes poden dar, é o

de non sentir vergoña polo feito de non amar e benquerer a Xusticia.

«Decídeme o que son os Tribunaes, i eu direivos axiña o que son os pobos». O Sr. Martínez-Risco rindeu homaxe coa súa fronte á barileza do Dereito, dende a cadoira xudicial, de cote alumeada co prestixio e ca grandeza de bon Xuez.

Oxe trenzóu a sua disertación en col da figura do Abogado. Polarizóu seu traballo no abogado galego.

Boa ocasión certamente lle da, pra agrandar o cadro, a pintura que fai de unhas figuras, por certo esgrevias e inmorredoiras, que enchen de luz e de honra a historia do noso Foro rexional.

O Sr. Martínez-Risco e Macías, compañoiro na loita, xa pra sempre compañoiro inesquecible na loita, que nalgúns momentos abalamos con nobre paixón, érguese polos merecementos da súa autente mestría no cadeiro máis relevante do Foro galego. Na mesa xurídica comparteu o pan deste nobre apostolado. Porque coa meirande devoción de apostolado, en xuntanza profesional, quixemos e queremos comungalo.

Pra nós o feito de ser Abogado é coma tanguer as estrelas; é dispor do privilexio de azoutar os abusos; de avergoñar ós feitores de asoballamentos; de denunciar os crimes; de ser defensores dos amagados e dos debles; de dar apoio aos que nono teñen; e de loitar de cote polo trunfo do Dereito, que é o firme alicerce da mesma vida da Humanidade.

O Abogado participa na obra do Lexislador, faguendo xermolar dos principiois eternos as normas que deben acugular as lagoas da Lei; o Abogado é tamén xurisconsulto cando se ergue por enriba das liñas raiotas para percurar e alcontrar na lexislación universal confirmamento e vida pra os nosos Códigos; o Abogado adéntrase nos eidos da Historia para adequerir un meirande coñecimento das instituciós vixentes; o Abogado é colaborador do Xuez —figura central na vida humán—; o Abogado é sacerdote, cando na soedade do seu estudo, sen máis testigo que a presencia de Deus, sen máis freo que a súa propia concencia, sen outras leises que o comprimento da súa obriga, escoita as confidencias dooridas da desgracia, e ten grandeza de alma cando recibe con homildanza cristián a sentencia en contra das súas esperanzas, e tamén cando se da á defensa da causa con aquela garrideza que soio nace da fidalguía do espírito, coidando que a paixón non debe perder os fincapés do siso; pero, non esquecendo, parellamente, que sobor das estribeliras do siso ha de erguerse con lanzalía a

paixón. O abogado é o home que trata, ao fin, de conformar o seu pensamente ó pensamento do home xusto, o cal anque transite polos camiños da vida antre cobizas terreas, ten bo atilamento de que non luxen a limpeza da súa toga as salpicadelas, porque o Abogado endexamáis rube a tanta cima, coma no intre no que goza da paz da súa concencia, do respeto púbrico, e da estimación dos seus pares.

A profesión de Abogado, nobre e fatigosa é fuxidía coma un foguete de lucería. E unha labarada centilante que reloce e se queima en mortalla de luz, se consume e fina... Tense dito dela que era «amiga do esquecemento da posteridade». Perpetúase quizaves no íntimo agradecemento daqueles, cuia causa atopouse coroada co trunfo; pero, axiña queda murcha e desvaída nas frases sonoras que unha vez inindaron as severas salas da Xusticia. Perdura, na estima dos compañeiros do noso tempo; pero, por esventura, quédase silandeira como a soedade derradeira das súas campas. Naide adica culto votivo ós papeles.

Por iso mesmo, ningún homaxe máis perentorio que este de hoxe ofrecido polo Sr. Martínez-Risco a Abogacía, ollada coma función social, mirada no seu conceito, e estudada na súa proiección na sociedade galega, coa evocación e lembranza de nomes raiolantes, coma os de Francisco de Caldas Pereira, Gaspar Rodríguez, Herbella de Puga, Alvarez de Neira, Payán, Failda, Plá y Cancela, Luciano Puga, Salgado de Somoza, o Decano Cornide Saavedra, Pelaio Cuesta, Pérez Porto...

Cando parez se disipan no esquecemento aquelas «tesis» xurídicas que un día xurdiron con vida na elocuencia daquelas voces, hoxe silenzosas, é cousa boa lembrar canto de valedío esiste nunha tradición encadeada, e toda seguida de mestres galegos, da cencia do Dereito, tradición que, como decía Legaz Lacambra, naquela inesquecibra data na primeira sesión desta Academia «se inicia en la Edad Media con los dos Bernardos Compostelanos, sigue con Alvaro Pelayo, continúa con Juan García que enseñó en Coimbra, con Salgado de Somoza, padre del Derecho Mercantil», e tantos outros, coma Xacobe Gil Villanueva, a compaso, de sociólogos esgrevios, tales coma Ramón de La Sagra e Nicomedes Pastor Díaz.

Poucos homes, igoal que este de hoxe, que por dereito propio, e polos seus inmurchabres merecementos traspasa os limiares desta ilustre Corporación, pódense gabar por ter chegado ó cu-

mial das cotas da vida con tanto caudal de virtudes e tantos esforzos afincados na percura da cencia e no gozo da sabidencia.

Para iste home a esistencia foi, a cotío, unha palestra de perfía continuada e unha permaente batalla ganada a necesidade cotidián.

O ilustre xurista, que ven a ser compañoiro, pra honra e louvanza de todos nós, si non tivera chegado a estos estrados polos méritos do seu saber, podería facelo, igualmente, como consecuencia de unha elevada e inquebrantable executoria de vaores dotado de acrisoladas virtudes. Unha vida senlleira e cerne, nidia e cristaíña.

Sexa benvido a esta Corporación o Ilmo. Sr. Don Sebastián Martínez-Risco e Macías, á quen desexo que prosega eiquí desenrolando a súa meirande e sobranceira actividade: ad multos annos.

## ÍNDICE

	<u>PAG.</u>
<b>DISCURSO . . . . .</b>	<b>7</b>
1. Conceito e funcións da abogacía . . . . .	10
2. A abogacía como función social . . . . .	11
3. Proiección da abogacía na sociedade galega . . . . .	12
4. Avaliación conceitual da abogacía na literatura erudita . . . . .	13
5. O xuicio popular sobre do abogado en Galicia. A figura do «picapreitos» . . . . .	14
6. A abogacía galega xusgada polas suas obras . . . . .	16
A) Autuación profesional estricta . . . . .	16
B) O cacique . . . . .	16
7. Incidencia da abogacía na vida social do país . . . . .	18
A) Exemplos de autuación individual en casos e causas de trascendencia xeral . . . . .	18
B) Exemplos de autuación colectiva da abogacía na promoción, defensa ou crítica das institucións xurídicas especiais de Galicia . . . . .	20
a) A loita pola abolición das cárregas foráis . . . . .	20
Medidas adoutadas pola Xunta do Reino de Galicia contra o mal dos foros . . . . .	20
Alegato suscrito por seis abogados galegos instando o cese dos despoxos de foratarios e a renovación dos foros . . . . .	21
Autuación corporativa do Colexio de Abogados da Crúña no problema xurídico-social da renovación dos foros e no posterior da súa redención . . . . .	21
Deliberacións do Congreso Agrícola de Santiago de 1864 encol da custión foral . . . . .	23
Corolario lexislativo . . . . .	23
b) Traballo realizados corporativamente pola abogacía en benfeitoría da sociedade galega, pra outer o recoñecemento da sustantividá e a posta en vixencia do seu Dereito xenuino . . . . .	24
Autuacións na xeira costituinte . . . . .	24
Autuacións da abogacía na xeira estatutante do Dereito galego . . . . .	25
Xuicio avaliador da autuación da abogacía na sociedade galega . . . . .	28
<b>CONTESTACION . . . . .</b>	<b>31</b>